

XORNADA ÚNICA

A última proposta da Consellaría continúa sendo un engano e inaceptábel

A Consellaría de Educación vén de remitirnos un proxecto de orde para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá que incide nos criterios restritivos para que os centros non se poidan acoller a este tipo de xornada.

Reproducimos algunhas das partes do proxecto de orde presentada pola Consellaría para a Mesa Sectorial do 21 de decembro:

“Requisitos

As escolas de educación infantil, os centros de educación primaria, educación infantil e primaria e centros públicos integrados poderán tramitar a autorización da implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá, sempre que o soliciten:

- O Consello Escolar, por maioría dos tres quintos dos seus compoñentes.*
- O Claustro de profesores e profesoras, por maioría dos tres quintos dos seus integrantes.*
- Se é o caso, informe favorábel do Servizo de Transportes da Delegación Provincial, conforme o previsto no epígrafe sétimo da presente orde.*
- Acordo favorábel dos tres quintos do total do censo dos pais e nais ou titores do alumnado. Para os efectos de establecer o total do censo computaranse a nai e mais o pai ou os dous titores.*

Centros con transporte escolar:

Despois das votacións do Consello Escolar e do Claustro de Profesorado e con carácter previo ás votacións das nais, pais e titores legais, as direccións dos centros con transporte escolar solicitarán ao Servizo de Transportes da delegación provincial da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria un informe referido á viabilidade ou non do horario proposto polo centro solicitante, en relación cos servizos complementarios de transporte e comedor, no modelo que se publica como anexo II á presente orde.

O informe do Servizo de Transportes será favorábel cando a modificación horaria proposta polo centro non supoña incremento de custo tanto a nivel de transporte como de comedor escolar.

Se o informe emitido polo Servizo de Transportes é favorábel, o centro procederá a convocar e realizar as votacións das nais, pais e titores legais conforme o previsto na presente orde. No suposto de que o informe fose desfavorábel, o centro educativo procederá ao arquivo das actuacións.”



Por que resulta inaceptable?

Esta proposta, na práctica, dificulta aínda máis a posibilidade de acollerse á xornada única, pois, se até o de agora soamente se emitía un voto por unidade familiar, agora hai que emitir dous votos, o do pai e o da nai ou, de ser o caso, dos dous titores legais.

A proposta da Consellaría continúa condicionando a tramitación definitiva da xornada ao transporte escolar nos centros que teñen este servizo. Así, é preceptiva a autorización do servizo de transporte das Delegacións e que non supoña incremento de custe tanto no transporte como no comedor escolar. En conclusión, en lugar de que o transporte estea ao servizo da modalidade de xornada que acorde a comunidade educativa, é ao revés.

Na proposta da Consellaría, a porcentaxe de dous terzos de votos favorábeis do censo das familias redúcese a tres quintos, é dicir, só un 6% menos. Pero esta insignificante redución nin sequera é tal, xa que agora votaría pai e nai e, polo tanto, duplicaríase o censo. Todo o mundo sabemos da dificultade que isto supón, fundamentalmente no medio rural e mariñeiro onde hai máis centros con xornada partida. Como é sabido, en todos os trámites e autorizacións que se requiren das familias nos Centros só é preciso unha sinatura (notas, permisos excursións, relixión, etc.). Entendemos que entra en contradición co réxime legal de exercicio da patria potestade que recolle o artigo 156 do Código Civil.

A modo de exemplo: nun centro de 156 alumnos e alumnas, antes eran necesarios 104 votos favorábeis (dous terzos), agora, o censo multiplícase por dous (312) e os votos necesarios (tres quintos) para implantar a xornada única serían 188.

Ante esta proposta, é, aínda máis necesario, que asinedes o texto que vos temos enviado aos centros, remitíndolle copia á Conselleira (fax 981545443) e á CIG-Ensino (981575839).

A CIG-ENSINO levou a cabo onte, día 19 de decembro, unha concentración de delegados e delegadas para exixir unha regulamentación menos restritiva para que os centros se poidan acoller á xornada única.

A CIG-ENSINO manterá a proposta presentada na Mesa de 14 de decembro e que se concreta, entre outros, nos seguintes criterios:

- Ø **Que para proceder á modificación da xornada se requira a participación do 50% do censo e o voto afirmativo dos 2/3 dos participantes, entendendo un voto por unidade familiar.**
- Ø **Que tanto a xornada partida, como a xornada única teñan a consideración de xornadas ordinarias e que para mudar dunha a outra se sigan os mesmos procedementos.**
- Ø **Que a implantación da xornada única non estea condicionada polo transporte escolar. Que se supriman as dobraxes do transporte e que o custe deste servizo e do comedor escolar non impida a xornada única.**
- Ø **Que a Administración educativa garanta a todos os centros os servizos complementarios e as actividades extraescolares, independentemente do tipo de xornada.**

Para levar un seguimento do resultado das negociacións na Mesa Sectorial podes acudir a nosa páxina web (www.cig-ensino.com)

Os nosos locais

15706. Santiago. ☎ Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10 ☎ 981576800 fax. 981575839 santiago@cig-ensino.com

15007. A Coruña

☎ Alfonso Molina s/n
☎ 981169810 fax. 981291735

Acorunha@cig-ensino.com

36780. A Guarda

☎ Praza da Guía 3, baixo
☎ 986610465 fax. 986610465

baixominho@cig-ensino.com

36947. Cangas

☎ Atranco 19A, ench. 1
☎ 986302987 fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

15403. Ferrol

☎ Eduardo Pondal 41-43,
☎ 981358750 fax. 981358760

ferrol@cig-ensino.com

27003. Lugo

☎ Rda da Muralla 58, bxo.
☎ 982245023 fax. 982253891

lugo@cig-ensino.com

32003. Ourense

☎ P. de San Lázaro 12, 4ºD
☎ 988238350 fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

36002. Pontevedra

☎ Pasantería 1, 2ºesq.
☎ 986861513 fax. 986855050

pontevedra@cig-ensino.com

27700. Ribadeo

☎ Avda de Galicia 20, 1º
☎ 982129593 fax. 982129593

amarinha@cig-ensino.com

32600. Verín

☎ Pedro Gonzalez 5, 1º
☎ 988412345 fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

36205. Vigo

☎ Gregório Espino 47, bxo.
☎ 986827935 fax. 986262844

vigo@cig-ensino.com

36600. Vilagarcía

☎ Alexandre Bóveda 2, 2º
☎ 986505323 fax. 986505323

salnes@cig-ensino.com

27850. Viveiro

☎ García Dóriga s/n
☎ 982561541 fax. 982551985